

O CASTELO DE MONTERREY

Emilio Martin Serna

O Camiño De Acceso.

Xa dende a prehistoria a posición do castelo foi moi valorada, xa que dominaba todo o val.

O camiño de acceso, o máis antigo, e o que ascende dende San Lázaro ata a fortaleza. Chegando xa, o camiñante podrá obsevar a maxestuosidade desta obra vendo a panorámica máis famosa do castelo. Para poder acceder ao recinto, é preciso salvar tres portas; a primeira chámase a de San Ignacio, en memoria ao colexio de Xesuitas. Ao pasala vese un cruceiro de cruz sencilla montada sobre un curioso capitel. A esquerda deste, sobre a esplanada alzábase o famoso colexio de Xesuitas. Continuando a ascensión, transponse o último recinto pola porta máis vella de todas. É de arco apuntado con grandes patinadas e dovelas. Sobre a clave do arco campea o escudo da casa de Monterrei.

As Murallas.

A primitiva muralla ceñía a máis antiga do conxunto, a torre do Homenaxe, chamada das Damas. Aínda se conserva unha parte de esta muralla que termina en almenas piramidais entre as aspilleiras. Tamén se faran obras posteriores que ampliarán o circuito defensivo, como se pode apreciar nas novas cercasfrente o palacio con torreón circular.

A causa das constantes guerras houbo novas ampliacións da muralla Gándara. Na 1ª guerra establécense un forte real. Na guerra, quizais, máis importante que marca a historia desta fortaleza, a da separación de Portugal, cerrábase o recinto que falta, repáranse os contraescarpas do foso e procedense a diversas obras de consolidación. Anos máis tarde reforzaránse de novo os muros, colocaránse tapias, estacadas volantes, molinillos, cabalos de Frisia, etc... O sistema adoptado de Vauban modificará a primitiva estrutura de Monterrei.

Hoxe nos nosos días pódese observar un triple recinto formado por muralla, contramuralla e forte murlla. A planta esta de acordo ca técnica de Vauban pola que ademáis se substituirá o sistema de fortificación dominante polo de fortificación rasante. Nos ángulos aprécianse aínda hoxe algunha garita cilíndrica, con saeteras e atalaías. Nos dentellóns da muralla ían os canóns dos que foron expoliados e que se trasladaron de adorno para unha cidade costeira; A Coruña. Entre os canóns, chamaba a atención, O Golondrina. O largo de toda a circunvalación interior corre un camiño.

A Atalaia.

Constrúese esta fortificación para defender, entre outras cousas, o flanco débil do castelo e a fonte (situada entre Monterrei e a Atalaia).

Esta fortaleza data do 1640, feita según a poliercética de Vauban, maciza e con capacidade para cincuenta homes.

A Fonte.

Saíndo pola porta norte do último recinto, defendida por saeteiras e un corpo de garda, existe outra cerca con estreita porta abovedada que leva ao camiño da fonte.

A cisterna era insuficiente para o suministro de auga necesaria para os habitantes da fortaleza rexiomontana.

Ante a necesidade de auga constrúese unha fonte que será como outras fontes rurais de Galicia, de tradición prehistórica.

A Torre Das Damas.

Foi a de homenaxe da primitiva fortificación, obra do século XIV.

O seu exterior caracterízase pola presenza de fiestras románicas e un cornisamento de modillóns de triple arco que sosteñen o matacán de pedra.

O grosor das paredes vai dende un metro sesenta a un metro vinte sendo a superficie interior de cincuenta e sete metros cadrados. Ten esta torre catro pisos e un terrado superior con barbacana seguida. En todos estes pisos abrense fiestras e portas.

Esta torre é un exemplo de arquitectura castrexa e aínda hoxe se observa parte dunha muralla que rodeaba a esta.

O Pazo Dos Condes.

Pola porta norte penetrase no chamado patio de armas, a dereita deste o palacio Renacentista dos condes de Monterrei.

A parte baixa formabaia unha arquería escarzana sobre columnas ochovadas e escudos nas enxuntas. Sobre ela corria unha balaustrada de pedra cortada por bases de outras columnas coincidentes coas arcatura inferior, para sosteñer o tellado da balconada superior.

Outra galería de tres corpos, análoga a descrita, abriase ao sur do pazo. Un machón con balconcillo voado, separaba a esta galería de outra de dous corpos.

Foi reconstruída a fachada este, no ano 1962, consta de dous corpos: un inferior, formado por dez arcos escarzanos sobre columnas ochavadas e escudos de Ulloa, Fonseca, Zúñiga, Biedmas e Acevedos nas enxuntas, aínda que hai algunhas que carecen de blason. Columnas coincidentes coas da galería inferior sosteñen o tellado. Outra de tres corpos ao sur do palacio. A arquería inferior consta de cinco arcos moi rebaixados e lixeiramente apuntados; a segunda do mesmo número, pero deprimidos e o ser terceiro corpo forman cinco columnas que sosteñen o tejazoz. No segundo e terceiro corpo existe un antepeito igual ao da galería este. Un machón con balconcillo

voado e asento de pedra, sobre vistosa mensula, separa a galería superior de outra que comunica con segundo corpo da oriental.

Na conxunción da galería este e sur existe unha chimenea, antes incluída nunha pequena habitación.

Ao interior do palacio entráse pola porta que abaixo a arcatura oriental.

O palacio é unha obra, en gran parte, do século XVI e comezos do XVII. Unha inscrición na súa parede norte Dn BALTHASAR SV, que alude ao irmán do quinto conde de Monterrei.

A Torre Da Homenaxe.

Fronte ó palacio levántase imponente a torre da homenaxe o constructor inspirárase na torre das Damas. A torre da Homenaxe caracterízase por unha base cadrada e unha altura de vintedous metros para subir a ela existe unha rampa exterior que comeza pola fachada sur e bordea toda a base. O chegaró ángulo noroeste accedese por unhas escaleiriñas protexidas por un torreoncillo (hoxe derruído). Sobre a porta hai unha lapida na que figuran as primeiras palabras do salmo CXXVI e a data de erección.

O interior consta de tres pisos e un soto, que se descendía por unha escaleira de man.

Ao segundo piso ascéndese por unha escaleira, neste piso hai dúas bobedillas que atravesan o macizo muro e dan paso a dúas fiestras ao exterior (no interior teñen asentos de pedra).

Do segundo ao terceiro piso ascéndese por unha escaleira de man e unha fiestra da luz. Desde esta habitación ao terrado, o axarafe superior de pedra hai unha escaleira baixo bóveda, tamén de pedra.

A terraza superior ten un lixeiro declive para o desagüe tamén desemboca nela unha chimenea que parte do segundo piso. A torre tiña unhas torretas dispostas en saledizo das cales so quedan as mensulas e as bases que permiten reconstruír idealmente a súa airosa traza. Algo que chama a atención desta torre son os símbolos que aparecen nas súas paredes exteriores as veces apareados nun mesmo sillar.

Na praza de armas existe un alxibe de catorce metros de profundidade e con gran cavida no fondo do cal se pretendeu resolver o grave problema da auga (subsisten aínda hoxe os canalillos que conducían a auga da chuvia á cisterna).

A Igrexia De Santa María De Gracia.

Saíndo do patio de armas pola porta sur, atopamos maxestuosa a igrexa de Sta. María de Gracia. En séculos pasados foi compartida por Monterrei e o monasterio de Celanova. O estilo desta obra relixiosa é o románico de transición.

A fachada principal e a torre foron restauradas no século XVII.

A torre descansa sobre unha pena na que hai excavada unha sepultura rupestre.

A única portada de interese, a do norte, ten gran riqueza ornamental e orixinalidade na composición. Ten triple arquivolta, a exterior apoiase sobre unha imposta con exornacións de tallos serpenteantes con follas de tradición visigoda. A arquivolta está decorada con cuadrifolios rematados en punta de cravo e sobre eles un entrelazado de losanges con disquillos no centro.

A arquivolta media cóbrese do mesmo motivo vexetal que a imposta, apoiándose en rodillos que enchen o circuito visible con svásticas, excepto o último da dereita que, un trifolio. Descansa esta arquivolta en columnas de capiteles con adornos de fitaria e fustes que enchen adosados estatuas, a da esquerda de acentuado arcaísmo. A arquivolta interior decora con un tallo zigzagueante que leva dúas cabezas afrontadas.

O tímpano dispónse nunha moi orixinal estrutura polas zapatas en chaflán na que se apoia o campo interior. No centro figura o Cristo sedente coas mans extendidas, mostrando os estigmas da paixón.

A dereita un ave ao parecer sostendo un animal e a esquerda o Agnus Dei, e sobre el, un boi. Na zapata dereita vese un saxitario e na esquerda un animal estrano. Baixo a imposta dereita hay unha esfínxe e baixo a esquerda un león itifálico.

A portada simboliza o Paraíso e por eso figuran anxos, animais e plantas. Os lados da porta hay dúas sepulturas baixo arcos góticos, na sepultura esquerda hai unha inscrición en letras góticas. Na mesma fachada norte hai unha fiestra de arco peraltado con arquivolta de cuadrifolios e cravos no centro. Ao este outra fiestra entre columnillas, a da esquerda con base axedrezada e a da dereita con cuadrifolios e sobre eles "losanges".

A parte saínte do tellado apoiase en canecillos de variedade e rica expresividade: touros, carneiros, serpentes, figuras impúdicas, unha cara de factura exipcia con rostro enmarcado por perruca etc.

Robustos contrafortes de masa cadrada e superficie inclinada, resaltan no muro exterior. Na fachada norte podese observar unha incisión na pedra. O interior do templo, consta de unha soa nave con capela lateral ao sur. No "imafronte" distínguese o arco da porta principal tapiado fai tempo, e apreciable a simple vista un cadro de grandes dimensións procedente do Colexio de Xesuítas, que representa a Cena. O arco triunfal románico de medio punto ten finalmente esculpados motivos de sogueado, perlas, cuadrifolio e entrelazado que descansa nunha dobre columna con cabeza humana e venera á da esquerda, unha besta e unha cabeza entrefollas de figueira á dereita, e cimacio con tallos serpenteantes.

A capela maior con arco triunfal apuntado, cóbrese con bóveda de nervaduras, cuíos terceletes crúzanse formando un florón en clave. O resto da techumbre é de madeira en depreciable estado. O altar maior é barroco, con columnas salomónicas e pampanos serpenteantes. Nos machóns laterais do arco triunfal, hai outros dous altares: barroco o da dereita e neoclásico o da esquerda.

O misterio da Anunciación vese representado na igrexa colocando a diversos santos en puntos extratécnicos. Embutido no muro oriental está o famoso retablo de pedra. Constitúe a igrexa de Monterrei unha interesante exemplar de románico final, con solucións góticas a moitos problemas

estructurais, pero con arcaísmos tales nalgúns aspectos, que desconcertan a bastante visitantes. A portada, de simbolismo difícil, é de unha orixinalidade sorprendente. Así mesmo a presenza de elementos decorativos de antigo abolengo, como as svásticas ou os tallos serpeantes, demostran o conservadurismo tradicional do arte galego. Os canecillos de inxenua pero fonda expresividade, patentizan a rica e exuberante imaxinación do artista.

O Cristo Das Batallas.

Hoxe en día atópase na igrexa parroquial, Sta. M^a la Mayor de Verín. Este cristo agonizante proveeu do colexio de xesuitas. A escultura chegou a Monterrei, no século XVII, e está atribuída a súa autoría a Gregorio Hernández.

O Cristo é forte, de relixioso tenrura e canon correcto. Este interpreta con extraordinario dramatismo e admirable síntesis a agonía á vez dun home e de un deus.

É robusto e musculoso. Ten unha altura de un metro e noventa centímetros. A cabeza é de fonda emoción relixiosa, ollos entornados con bágoas, o pelo cae en guedexa, barba rizada o mentón sobre o costado dereito, o pescozo excesivamente forte, tez morena e abundancia de sangue nas feridas. O Hospital De Peregrinos.

Verín foi o cruce de camiños nas peregrinacións xacobeas. Uníanse dous camiños: o que viña de Castela e o que viña de Portugal.

No noso Castelo estableceuse un hospital de peregrinos, antes da instauración do Condado na fortaleza.

Na portada, baixo o saledizo hai unha lenda en letras góticas. O arco e lixeiramente apuntado, é abocinado e fórmano catro archivoltas adornadas no intradós con cuadrifolios máis internos e con tallos serpenteantes.

Descansa o arco sobre unha imposta acodada entre cúa dobre baquetilla leva adornos de bezantes. Apoiase este saledizo en "jambas" que perfilan tres semicolumnillas de curiosas bases. Entre aquelas exornase os intervalos cóncavos con cuadrifolios, os capiteis mostran unha curioso decoración.

Sobre as sencillas repisas van nos costados do arco dúas figuras baixo airosos dos seletes góticos: o Anxo e a Virxe na Anunciación. Na clave representase un anxo boca abaixo portando unha coroa. O tímpano é de gran efecto decorativo, no centro o Cristo sedente entre as catro figuras do tetramorfos. Cristo aparece co nimbo da santidad e mostra as mans coas señais dos cavros.

Nas enxuntas do arco e sobre pequenos relieves de caprichosos motivos, van armas de algún conde de Monterrei, por tanto de posterior inclusión na portada.

Todo o frontispicio está montado sobre cinco peldaños que daban acceso ao hospital.

Os Conventos.

Os conventos en Monterrei foron tres: os Xesuitas, os Franciscanos e os Mercedarios.

XESUITAS. Foi o último na súa formación, ubicado no castelo no 1555 intramuros da fortaleza (primeira ubicación) e despois ao abeiro do castelo, nun lugar chamado Penedo Blanco.

Os xesuitas tentan xunguir o pensamento católico escolástico coa actividade científica do Renacemento, e dirixidos preferentemente a xuventude. Aplicouse o plan de estudos chamado Ratio Studiorum.

Ao se trasladar extramuros contou cun vintetres profesores e trescentos alumnos, número que se viu incrementado a mil douscentos en pouco tempo.

Pero a decadencia do colexio será causa do decreto de expulsión dos xesuitas promulgado por Carlos III. Os seus bens foron repartidos e expoliados.

Este colexio puido ser a segunda universidade galega, e outrora foron o prestixio académico da comarca de Monterrei e do reino de Galiza.

- FRANCISCANOS. Foron os primeiros en instalarse na vila (1323), nun lugar insano, onde enfermaban e morrían a cotío. Sempre gozaron de simpatías na comarca. Realizaban atencións aos enfermos, ensinos morais e do evanxelio, habilitación de hospitais durante as épocas de peste que asolaron a bisbarra, foron as súas principais e recoñecidas tarefas. Durante a guerra da Independencia brindaron os seus coñecementos científicos para a fabricación de pólvora e nitro. O convento abandonárase pola vitoria e ocupación dos franceses, que expoliaron e despois a xustiza dára a Verín.
- MERCEDARIOS. No castelo non tiveron tanta importancia como os anteriores, sempre por detrás deles no século XVI, polo que baixaran para Verín. Tamen aos Mercedarios lle afectou a desamortización. Nos edificios abandonados practicouse o expolio máis bárbaro, producindo irreparables perdas no patrimonio artístico.

A Imprenta En Monterrei.

Este foi un dos feitos que máis sona e popularidade lle deu a esta acrópolis, a instauración dunha imprenta encendeu gran entusiasmo entre as xentes. Esta sería a primeira de Galicia e daríalle luz de cultura a un mundo que aínda vivía no feudalismo. A imprenta a pesar da súa gran utilidade para a publicación de libros de todo tipo só foi utilizada polos monxes para a creación dun Misal. A pesar disto hai autores que creen que non soamente foi utilizada para este fin eclesiástico. Tamén se imprimiron no castelo outras obras que tal vez son de menor importancia.

Os motivos polos que se instalou a imprenta son dous, entre outros de menos transcendencia: O relixioso e o da inquietude de algún nobre por cultivar o arte.

A Monterrei correspóndelle o honor máis venerable, o da introducción da imprenta en Galicia.

As Guerras en Monterrei:

Monterrei Nas Loitas Fraticidas Do Século XIV. Durante a Idade Media houbo loitas nesta rexión, a causa dos enfrontamentos entre Enrique de Trastámara e Pedro I o Cruel. Monterrei apoiou a Pedro I o Cruel que sería o perdedor das continxencias entre el e Enrique. Pedro I o Cruel estivo durante tres semanas na fortaleza rexiomontana. Esta estancia deixou unha fonda pegada tradicional no castelo, foron uns días de gran actividade e axitación deixando no castelo lendas e lugares que recordan a Pedro I.

A Guerra De Separación De Portugal (1640). Esta guerra foi unha das que máis desgracias trouxo ao val de Monterrei; en case medio século de agotadora loita, o val deprimírase nunha crise da que tardará moito tempo en saír. Neste tempo de guerra surxirá a idea de fronteira con vigoroso sentido. As guerras trouxeron a ampliación das defensas, tanto do castelo de Monterrei como o de Chaves.

A guerra caracterizouse pola interese dos exercitos portugueses de apoderarse do castelo.

O saqueo e rapiña predominaron nesta guerra; moitas escaramuzas e ausencia de batallas. No ano 1668 fírmase a paz, isto so será un alivio fugaz, porque Portugal aliarase cos inimigos de Europa, constante pesadilla na fronteira.

As escaramuzas foron unha sangría lenta e desoladora; a comarca sufrirá cuantiosísimas perdas. Tras a guerra predominaran a fame e epidemias, que aínda axudarán máis ao empobrecemento do labrego.

Guerra Da Independencia. Tralo levantamento de España contra os Franceses os Portugueses planean apoderarse novamente de Monterrei. Os lusitanos de todos modos, non se atrevían a atacar directamente o castelo, polo que atacaban pobos fronterizos desprovistos de exército. No 1801 firmárase a paz con Portugal e cesarán as hostilidades.

A guerra contra os franceses tamén marcará o século XIX neste val, o xeneral Sout, arrasará a comarca.

A guerra neste val diferenciárase respecto a guerra que se desenvolvía en España, en que as guerrillas estaban controladas polo mando dende o cuartel xeneral, que estaba en Monterrei.

O que máis medo e pánico trouxo a comarca, foi o xeneral Sout, que traía con él un potente exercito; a xente fuxía con roupas, senseres e diñeiro, refuxiándose da rapiña e a violencia do invasor.

En 1809 o invasor será fustigado polas tropas inglesas a todo o longo do val.

Afortunadamente a intervención da comarca na guerra foi breve, pero intensa, a peste e a fame foron a secuela.

O Castelo Tra-Lo Paso Dos Tempos.

Antes de facer a construción propia do castelo, xa había un castro chamado polos romanos Castrum Baroncelli. Numerosos escritos altomedievais e restos arqueolóxicos como cerámica, muiños de man, estelas funerarias, sepulcros e sártegos entre outros dan unha proba irrefutable

dos asentamentos humanos dos pobos Tamaganos. Despois hacia o cambio de era este castro foi romanizado, deixando tamén probas desta época.

Aproximadamente no ano 872 constrúese a primeira torre defensiva de Monterrei, surxen a partir de aquí numerosos conflitos de interese, ante a vista de que o castelo ten gran valor estratéxico.

Monterrei será pretendido por Nobleza e Clero. Anos máis tarde, tras disputas entre Clero e Nobleza pola posesión do castelo, será de dominio real, de aquí virá o seu nome.

Monterrei comenzará a súa andadura cunha construción relixiosa, a igrexa de Sta. María.

No século XIV o castelo acollerá a Pedro I o cruel, surxirán entón numerosas lendas. Tamén desta época e a torre das Damas, a máis antiga do conxunto que foi edificada sobre outra máis sinxela e rudimentaria; pódese observar unha muralla que a circunvalaba, pero tamén se observaron almeas piramidais no sur.

De finais deste século (1391) e a construción do Hospital de Peregrinos. Xa no século XV (1482) o primeiro conde de Monterrei procurou a construción da Torre da Homenaxe (había unha campa e un reloxo).

No ano 1512 o conxunto de Monterrei ca súa vila adosada, sofre os inicios da despoboación; parece ser pola difícil accesibilidade, tamén pola escasez da auga, a cal existe soamente no pozo-depósito, pero custa moito traballo debido a profundidade, tamén hai auga nunha fonte pero hai que acarrexala dende un cuarto de legua.

Entre os recintos foron erguéndose diversas instalacións monásticas. Ca chegada destas institucións aumentárase a poboación da vila.

A principios do século XIV chegarán a Monterrei os franciscanos que se instalarón na parte septentrional da fortaleza. No século XV, xa a finais, chegan os Mercedarios que se instalaron no antigo convento da Magdalena. Un século máis tarde aproximadamente (1597) baixan a Verín instalándose no barrio de Sta. Olaia, xunto a capela da Orde da Misericordia.

Na metade do século XVI (1555) instaláronse os xesuítas que teran ate 3 ubicacións distintas no recinto da fortaleza. Este convento puido ser a 2ª Universidade da época con máis alumnos que Santiago, pero todo isto non será posible e serán expulsados no século XVIII. O colexio vese expoliado nas súas pedras e dispersado o seu patrimonio.

Mentres estiveron os Xesuítas no castelo aumentou a poboación deste, debido os numerosos estudantes. As casas extendíanse ate o anexo da Pousa.

No século XVII (1613) constrúese o pazo, e seis anos máis tarde construíuse unha fonte a un cuarto de legua do castelo.

Numerosas guerras, conflitos... repartidos entre guerra con Portugal, con Francia, etc... marcarán a historia do conxunto arquitectónico máis importante de Galicia. No ano 1640 coa guerra de separación con Portugal refórzanse as defensas segundo a poliercética da época e constrúense outras novas (200 infantas e paisanos armados) uns anos máis tarde construíuse a atalaia que irá destinada para a protección do flanco débil de Monterrei. Tamén se construíu unha obra de

fortificación destinada a conter algunhas pezas de artillería para defender ao colexio de Xesuitas e Franciscanos (batería). Talouse un bosque que estaba ao seu abeiro.

Anos despois reparáranse as fortificacións, instalaranse estacadas, tapias, molinetes, falconetes e culebrinas ademais disto once canóns que apuntarán cara Portugal. Reforzaranse as portas de San Francisco e San Ignacio con rastreles e tambores.

A principios da segunda década do século XVIII reforzárase a praza e defensas, pero nesa mesma década viranse a baixo esas defensas polo seu abandono entre outras causas e o convento dos Franciscanos ficará derruido.

Monterrei nos últimos dous séculos sofre un proceso dexenerativo e esta moi abandonado.

No século pasado Monterrei esta desfeito nembargantes, os convento, algún máis que outro, están habitables, pero esta habitabilidade so durará dúas décadas xa que as xentes da comarca aproveitarán e depredarán nas súas pedras e madeiros para construción dos seus propios fogares. Xa a finais deste século a acción desamortizadora afecta as instalacións relixiosas e as suas posesións contribuíndo aínda máis a ruína de Monterrei. Tamén se retirarán algúns canóns. Nun breve período de cen anos retíranse os restantes, levando entre eles o célebre canón chamado o Golondrina para unha cidade galega da costa nor-est (A Coruña).